



12.- A crise da Restauración (a desarticulación do sistema canovista)

O desastre do 98 provocou un descontento xeral na poboación no país. A comezos do século XX o réxime da Restauración entrou nunha nova fase condicionada polas intervencións de Alfonso XIII na vida política. Estas intervencións do monarca provocaron unha gran inestabilidade gubernamental o que derivou nun rexeitamento do sistema e da monarquía, que foi a unha das causas que levou a Primo de Rivera a pronunciarse en 1923 co propósito de solventar os problemas do país.

A inestabilidade política redundou na debilidade dos gobernos, como mostrou o conflito que enfrontou a militares e catalanistas nos inicios do reinado. O malestar dos militares polas críticas ao exército tras o desastre do 98 provocou o asalto a varios periódicos catalanistas críticos co exército na Barcelona de 1905. Na polémica subseguinte os militares conseguiron o perdón dos asaltantes e a aprobación da *Lei de xurisdiccións* (1906) que establecía que os delitos que se considerase que atentaban contra a patria e o exército serían xulgados polos tribunais militares. Desta maneira, ante a debilidade dos gobernos, o poder militar comezou a impoñerse ao poder civil e aflorou unha nova mentalidade militar moi corporativista e que consideraba ao exército o defensor da unidade nacional.

O reinado de Alfonso XII estivo marcado polo espírito rexeneracionista que pretendía revisar o sistema e modificar os aspectos necesarios para superar os problemas do país e adaptarse ás novas demandas sociais e políticas. Tras a morte dos fundadores dos partidos dinásticos, Cánovas e Sagasta, produciuse unha crise de liderazgo en ambas formacións. Os seus sucesores máis destacados, Maura e Canalejas, tentaron unha rexeneración do sistema “*dende arriba*”. Primeiro, o goberno conservador de Maura propuxo unha reforma electoral para evitar a influencia do caciquismo, mais a inclusión na lei electoral do artigo 29 impediu que esta reforma conseguise sanear o sistema pois permitía a elección automática dos candidatos, se estes eran os mesmos ou menos que os escanos en liza por cada circunscrición, o que foi aproveitado polo caciquismo que se pretendía combater.

Tras fracasar as propostas de Maura coa Semana Tráxica, o goberno liberal de Canalejas tentará aplicar un novo proxecto rexeneracionista con un programa de reformas que buscaban afrontar os principais problemas do país: o problema relixioso (lei do cadeado), a cuestión social (reformas na lexislación laboral e medidas de protección social), o problema rexionalista (lei de mancomunidades provinciais) e o problema de Marrocos (creación do *Protectorado*). O asesinato de Canalejas e a oposición conservadora provocaron a paralización e o fracaso das mesmas.

Paralelamente, a oposición, marxinada do sistema canovista, vai recollendo cada vez máis apoios. Os partidos republicanos acadan moita forza co Partido Radical de Lerroux. O PSOE obtén representación no parlamento. Os anarquistas seguen ensanchando as súas bases de apoio e en 1910 crean o seu sindicato, a CNT. En Cataluña, País Vasco e Galicia crecen en importancia os partidos nacionalistas.

Todos estes grupos, e fundamentalmente o movemento obreiro, protagonizan unha serie de conflitos sociais e políticos que contribuíron á decadencia do sistema:





- A semana trágica de Barcelona en 1909, foi a primeira crise grave que sufriu o sistema da Restauración tras a Guerra de Cuba. Foi unha explosión do descontento popular motivada polo embarque dos reservistas destinados a combater na guerra de Marrocos no porto de Barcelona. Entre os amotinados había anarquistas, republicanos e catalanistas que tomaron as calles da cidade durante unha semana. Apareceu o anticlericalismo pois producíronse ataques contra a Igrexa queimando conventos e destrozando os seus bens xa que consideraban que a Igrexa beneficiaba aos intereses das clases dominantes. O goberno de Maura respondeu cunha forte represión (fusilamento de Ferrer i Guardia) o que provocou importantes protestas e a súa saída do goberno forzada por Alfonso XIII, e apoiada polos liberais. Comenzou así a ruptura da quenda de partidos.
- A crise de 1917. A Primeira Guerra Mundial provocou unha importante subida de prezos no país, pero os soldos non aumentaron coa mesma rapidez que os prezos o que desencadeou un gran malestar social. A crise de 1917 considerase a crise máis profunda do sistema da Restauración pois nela confluíron tres tipos de conflitos que debilitaron fortemente o sistema: militar coas demandas das Xuntas de Defensa (nas que os intereses dos militares se impuxeron ao goberno), político coas reclamacións de cambio de réxime político por parte da Asemblea de Parlamentarios e dos grupos catalanistas e social coa folga xeral revolucionaria de agosto de 1917 convocada por socialistas e anarquistas.

En síntese, esta época supuxo o descontento contra o sistema e a mobilización dunha parte moi ampla da poboación o que desembocou na quebra da quenda, dando lugar ao comezo de gobernos de coalición como resultado da fraccionamento dos partidos dinásticos. Ademais, o descontento social aumentou e manifestouse no incremento da afiliación aos sindicatos, no pistoleirismo (atentados, asasinatos) e no aumento da conflictividade social (folgas coma a da Canadense) e nas revoltas campesiñas.

Finalmente, o fracaso militar en Marrocos, provocado polo desastre de Annual, marcará a crise definitiva da Restauración. Esta derrota provocou un forte impacto na opinión pública, unha investigación parlamentaria (expediente Picasso) e a petición de responsabilidades con fortes críticas ao exército, aos políticos e ao rei, co que aumentou a oposición á monarquía.

Ante a cantidade de problemas, o réxime tiña unicamente dúas posibilidades para sobrevivir: democratizarse (alterando as bases sociais e políticas do sistema) ou impor unha solución dictatorial. A incapacidade do réxime de transformarse favoreceu a imposición dunha ditadura en 1923.





13.- A crise de 1917, os gobernos de concentración e a guerra de Marrocos.

Durante o reinado de Afonso XIII, no contexto do período coñecido como crise da Restauración, iniciábase a guerra de Marrocos tras a atribución do norte deste territorio a España na *Conferencia de Alxeciras* de 1906. Estes acordos, buscados para compensar a perda de Cuba, Porto Rico e Filipinas no desastre de 1898, permitían aproveitar a zona para o ferrocarril e a explotación mineira. Para facer efectivo o dominio español enviáronse tropas desde Ceuta e Melilla. No ano 1909, a derrota do Barranco do Lobo e o ataque directo ao prestixio nacional e aos intereses económicos que isto supuxo, levou ao goberno presidido por Maura á mobilización dos reservistas. Esta mobilización provocou nun forte malestar social que fixo desta guerra un conflito impopular e desembocou na Semana Tráxica de Barcelona, revolta de carácter anticlerical e antimilitarista que foi sofocada cunha forte represión.

Coa caída de Maura a consecuencia da represión da Semana Tráxica e o asasinato do presidente que o substituíu, Canalejas, fracasaron as propostas, tanto de carácter conservador como liberal, de rexeneración política do país. En 1914, durante o goberno do conservador Eduardo Dato, comezaba a primeira Guerra Mundial. Nesta guerra España non participou directamente pero si indirectamente subministrando todo tipo de produtos para os países que participaron. Isto provocou unha subida de prezos no país, mais os soldos non aumentaron coa mesma rapidez que os prezos o que desencadeou un gran malestar social.

Todo isto desembocou na profunda crise de 1917, manifestada en tres ámbitos diferentes: o militar, o político, e o social.

- No primeiro caso, entre os militares creáronse as Xuntas de Defensa, onde os membros descontentos do exército espuxeron as súas reivindicacións económicas, profesionais (salarios, ascensos) e corporativas e conseguiron impoñer ás súas demandas ao poder civil.
- No plano político a crise manifestouse mediante a Asemblea de Parlamentarios, onde un grupo de deputados e senadores da oposición, a iniciativa da Lliga catalana, demandaron un cambio na Constitución (cara unha democratización do sistema) e de goberno.
- A crise social manifestárase xa na folga xeral contra o coste da vida, organizada pola UXT e a CNT en 1916. O conflito social agravouse coincidindo coa Asemblea Parlamentaria e levou ao PSOE e a UXT a convocar unha folga xeral revolucionaria, co fin de derrocar o réxime. Acabou cunha forte represión e foi maioritaria en Barcelona, Madrid, País Vasco e Asturias.

Despois de 1917, tras a represión destes conflitos o réxime seguía vivo, pero a quebra do sistema era evidente. Os partidos dinásticos estaban rotos. O seu fraccionamento acabou coa alternancia, unha das bases da estabilidade do sistema. Para enfrontarse á inestabilidade apareceron gobernos de concentración nacional, nos que participaron os distintos grupos nos que se achaban divididos tanto o





Partido Conservador como o Liberal e incluso catalanistas da Lliga como Cambó, temerosos da revolución obreira.

O descontento social, agudizado pola recesión económica da posguerra mundial e o influxo da revolución rusa de 1917 favoreceu un enorme incremento da afiliación aos sindicatos. A conflictividade social agudizouse:

- ◆ En Andalucía e Estremadura coñécese ao periodo 1918-1920 como o *trienio bolxevique*, coa intensificación das mobilizacións campesiñas e a ocupación e repartición de terras dirixidos polos dous grandes sindicatos (CNT e UGT); revoltas que desembocarán nunha forte represión por parte do goberno.
- ◆ No mundo urbano e industrial a conflictividade provocou a radicalización das posicións da patronal e os sindicatos. Incrementáronse as folgas e conflitos laborais (como o da *Canadiense*, a compañía eléctrica de Barcelona). Os grupos anarquistas desenvolveron unha actividade violenta a través de atentados contra o capital e a burguesía. A resposta da patronal foi o pistolerismo (co asasinato de destacados líderes obreiros como Salvador Seguí) e o fomento dos sindicatos libres para romper as folgas e enfrontarse ao sindicalismo anarquista. No período que vai dende 1917 ata 1923 sucedéronse os actos terroristas e os asasinatos cometidos por pistoleiros tanto da patronal como dos sindicatos. O goberno, presionado pola patronal, cedeu a orde pública aos militares (como o xeneral Martínez Anido nomeado gobernador civil de Barcelona) que impuxeron a represión e apoiaron as actuacións da patronal.

Finalmente, o fracaso militar en Marrocos, provocado polo desastre de Annual, marcará a crise definitiva da Restauración. Tras a primeira guerra mundial (1914-1918) o goberno español decidiu ocupar definitivamente o territorio do *Protectorado español* establecido no norte de Marrocos polo acordo hispano-francés de 1912. En 1921, o intento do exército español de asegurar o dominio da rexión do Rif acabará no coñecido como desastre de Annual. As tropas do xeneral Silvestre foron cercadas polos indíxenas rifeños dirixidos por Abd el-Krim e a maioría dos soldados españois, uns 10.000 pereceron en Annual ou na súa retirada cara a Melilla.

Esta derrota provocou un forte impacto na opinión pública, unha investigación parlamentaria (*expediente Picasso*) e a petición de responsabilidades, con fortes críticas ao exército, aos políticos e ao rei, co que aumentou a oposición á monarquía.

Ante a cantidade de problemas, o réxime tiña unicamente dúas posibilidades para sobrevivir: democratizarse (alterando as bases sociais e políticas do sistema) ou impor unha solución dictatorial co pretexto de por á fronte do país un *ciruxán de ferro* que puxese remedio aos males de España. A incapacidade do réxime para transformarse favoreceu a imposición dunha ditadura en 1923.





14.- A ditadura de Primo de Rivera (golpe de estado e etapas: delimitación temporal e características principais)

A ditadura de Primo de Rivera foi o réxime político que gobernou en España dende o golpe de Estado do capitán xeneral de Cataluña, Miguel Primo de Rivera, o 13 de setembro de 1923, ata a dimisión de éste o 28 de enero de 1930 e a súa substitución polo goberno de Dámaso Berenguer.

Diversos factores explican que a ditadura militar comezara a contemplarse como unha solución á crise entre a alta burguesía, gran parte das clases medias e o Exército. Un deles foi o descontento do exercito tras o desastre de Annual ocorrido en Marrocos, os ataques ao rei pola súa responsabilidade no desastre, e o afán por evitar as consecuencias do expediente Picasso para algúns importantes xenerais. Outros factores foron o auxe dos nacionalismos periféricos (especialmente a radicalización catalanista) e ascenso dos republicanos e do movemento obreiro. Ademais, o clima de violencia e o número cada vez mais elevado de prácticas terroristas cun elevado número de vítimas provocaba un forte impacto na sociedade. A insetabilidade, indecisión e incapacidade dos gobernos para olventar os problemas provocará o apoio a outras solucións. Por último, o triunfo do fascismo Italiano tras a *Marcha sobre Roma* en 1922 e o ascenso ao poder de Mussolini, no contexto do descrédito dos sistemas democráticos na Europa de entreguerras, constituiu un importante exemplo para a situación española do momento.

A sublevación de Primo de Rivera (1923) contou coa inmediata comprensión e apoio do rei Alfonso XIII. O sistema canovista foi substituído, no medio da indiferencia popular e con escasa resistencia, por unha ditadura militar. Primo de Rivera declarou o estado de guerra, a supresión das garantías constitucionais e a disolución das Cortes.

O seu goberno divídese en dúas etapas:

- O Directorio Militar (1923-1925):

Tras o golpe, o ditador Primo de Rivera constituíuse o ministro único, pasando a ser asesorado por un Directorio Militar (a modo de goberno composto exclusivamente de militares). Tras o novo goberno estaba o mesmo bloque de poder que dominara o país durante a Restauración, a oligarquía de terratenentes e industriais. O ditador tomou rapidamente medidas:

- Suspensión de la Constitución de 1876. O novo réxime goberna mediante decretos e as autoridades vixentes sústitúense por militares. Preténdese rexenerar a vida política, acabar coa vella estrutura de poder da Restauración e o caciquismo. Na práctica os cargos públicos son ocupados polos adictos ao réxime entre os que se integran os antigos caciques e os membros da oligarquía.
- Represión dos nacionalismos acusados de separatistas. Prohibición da bandeira e himno catalán e restricción do uso da lingua catalana ao terreo privado. Estas actuacións favorecerán a radicalización dos movementos





nacionalistas nos que crecerá o apoio ao republicanismo de esquerdas e ao independentismo.

- Política de “man dura” en todo o referente á orde pública, reprimindo folgas e manifestacións e perseguindo o terrorismo anarquista. Esta política producirá o descenso do número de folgas e atentados.
- O grande éxito do Directorio tivo lugar en África. O Desembarco de Alhucemas en 1925 puxo fin á resistencia das cábilas do Rif e rematou coa guerra. O seu líder Abd-el-Krim entregouse ás autoridades do Marrocos francés.
- Estos logros motivaron a Primo de Rivera para tratar de consolidarse no poder. Para incrementar a súa base de apoio creou a Unión Patriótica (1924), partido único do réxime baixo a súa dirección. Tratábase de seguir o modelo fascista de Mussolini en Italia.

- O Directorio Civil (1925-1930)

A finais de 1925, un goberno con civís, presidido por Primo de Rivera, substituíu ao Directorio Militar. Tratábase de institucionalizar a Ditadura. En 1927, constitúese unha Asamblea Nacional Consultiva, a modo de Cortes, formada na súa maioría por membros da Unión Patriótica elixidos por sufraxio restrinxido. Primo continuaba a seguir o modelo italiano, neste caso o Consello Fascista. Esta Asamblea fracasou rapidamente no seu intento de redactar unha lei fundamental que fixera o papel de Constitución da ditadura.

Tamén imitou o modelo social do fascismo italiano, establecéndose a Organización Corporativa Nacional, especie de sindicato que trataba de arbitrar entre patróns e obreiros mediante a creación dos *comités paritarios* para o que contou coa colaboración dos socialistas que a consideraron vantaxosa para consolidar tanto o partido como o sindicato. Ademais desenvolveu unha política laboral e social populista e intervencionista, orientada a mellorar as condicións de vida dos traballadores para obter o seu apoio (Lei de Casas Baratas, Código do Traballo, subsidios para familias numerosas).

A política económica da ditadura caracterizouse polo intervencionismo estatal (o estado buscaba regular prezos, salarios, produción, etc) e o nacionalismo económico. Os seus obxectivos foron impulsar a industria nacional mediante uns elevados aranceis proteccionistas e a concesión de axudas ás grandes empresas. Tamén creou grandes monopolios estatais en sectores estratéxicos (CAMPSA, Telefónica) e desenvolveu grandes inversións na construción de obras públicas. Este foi un dos aspectos máis destacados desta etapa (obras de regadío, construción de encoros, ferrocarrís, electrificación do país) que, aparte de modernizar as infraestruturas e vías de comunicación empregaban un gran número de man de obra. Aínda que se beneficiou da coxuntura expansiva internacional da década dos vinte, esta política de gasto público obrigou a un incremento moi importante da débeda pública que pasará factura ao estado coa crise mundial de 1929.

A partir de 1926, a ditadura empezou a perder apoios e aumentou a oposición e as críticas, das que non se librou Alfonso XIII. Os partidos da alternancia e os republicanos comezaron a mostrar a súa oposición ao réxime; intelectuais (como





Unamuno), escritores e xornalistas enfrontáronse ao ditador a pesar da censura; tamén o fixeron universitarios e nacionalistas. Finalmente Primo de Rivera, falto de apoios, incluso dos militares (descontentos desde a disolución do corpo de artillería) e do rei, cunha imaxe que quedou ligada ao réxime ditatorial presentou a súa dimisión en xaneiro de 1930.

Tras a dimisión de Primo de Rivera, o rei Alfonso XIII nomeou presidente de Goberno ao xeneral Dámaso Berenguer coa pretensión de volver a un sistema rexido pola Constitución de 1876. O rexeitamento deste sistema conduciu á unión dos partidos que se opoñían á monarquía no *Pacto de San Sebastián* (Agosto de 1930). Republicanos, catalanistas e socialistas acordaron organizarse para derrocar á monarquía e establecer unha *república parlamentaria*, cunha nova constitución e liberdades políticas e relixiosas, producíndose sublevacións republicanas que fracasan.

A axitación social e política e a negativa dos partidos a acudir ás eleccións xerais provocou a substitución do xeneral Berenguer polo almirante Aznar, que intentou volver á normalidade constitucional convocando eleccións escalonadamente. As eleccións municipais do 12 de abril convertíronse nun plebiscito a favor ou en contra da Monarquía e o triunfo das candidaturas republicano-socialistas en vilas e cidades desembocou na proclamación da Segunda República o 14 de Abril de 1931.

